



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2021


Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en novembro de 2021 un avance do 0,9% con respecto a novembro de 2020 en Galicia, e a nivel nacional rexistrouse un aumento do 5,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 24,0% e os bens intermedios un 6,1%, mentres que os bens de equipo decreceron un 13,0%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 15,5%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “confección de roupa de vestir” que suma 2,4 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que engade 2,2 puntos e a “fabricación de bebidas” que achega 1,5 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “producción de enerxía eléctrica”, que resta 3,7 puntos e a “fabricación de vehículos de motor”, que detrae 3,6 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2021



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de novembro de 2021 rexistrou en Galicia un avance do 0,9% en taxa interanual, mellorando en 1,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-0,4%). En España rexistrouse un ascenso do 5,6%, taxa 8,9 puntos superior á acadada no mes anterior (-3,3%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 24,0%, o que engade 5,9 puntos.
- Os **bens de equipo** retroceden un 13,0%, o que minora 3,7 puntos.
- Os **bens intermedios** crecen un 6,1%, cunha repercusión positiva de 1,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 15,5% restando 3,0 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de outubro de 2021, por destino económico, os bens de consumo melloran 4,6 puntos, os bens de equipo empeoran 4,0 puntos, os bens intermedios melloran 6,5 puntos e a enerxía empeora 12,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual foron: a “confección de roupa de vestir” que suma 2,4 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que engade 2,2 puntos e a “fabricación de bebidas” que achega 1,5 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “produción de enerxía eléctrica”, que resta 3,7 puntos e a “fabricación de vehículos de motor”, que detrae 3,6 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de novembro moveuse entre o -6,1% de La Rioja e o 19,3% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Asturias (17,5%), Castilla - La Mancha (12,2%), Andalucía (11,0%), Murcia (10,0%), País Vasco (8,7%), Madrid (8,0%) e Cataluña (5,9%).

IPI Novembro 2021 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	110,8	0,9	9,3	--	--
Bens de consumo	147,0	24,0	22,5	5,9	5,8
Bens de equipo	103,7	-13,0	0,2	-3,7	0,0
Bens intermedios	129,0	6,1	8,7	1,7	2,5
Enerxía	69,1	-15,5	4,8	-3,0	1,0
España					
Xeral	111,9	5,6	7,4	--	--
Bens de consumo	116,6	13,4	7,5	3,4	1,9
Bens de equipo	114,5	-0,5	7,2	-0,1	1,6
Bens intermedios	114,9	1,0	10,6	0,3	3,3
Enerxía	99,7	10,9	2,8	2,0	0,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2021

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	0,9		9,3		
Confección de roupa de vestir	38,7	2,4	52,0	2,4	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	55,9	2,2	37,1	1,5	3,6
Fabricación de bebidas	61,1	1,5	41,0	1,3	3,5
Industria da alimentación	7,0	1,0	6,6	1,0	13,2
Fabricación de mobles	53,5	0,7	64,2	0,8	1,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	8,2	0,6	4,0	0,3	7,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	15,9	0,4	16,6	0,5	2,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	7,2	0,3	6,3	0,3	5,1
Industria do papel	12,4	0,3	7,2	0,2	2,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	8,0	0,2	-11,5	-0,4	4,1
Outras industrias manufactureiras	32,4	0,2	53,6	0,3	0,5
Industria téxtil	13,5	0,1	15,6	0,1	0,6
Industria química	-1,9	0,0	-7,8	-0,1	1,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-2,1	-0,1	9,6	0,3	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-11,5	-0,3	2,4	0,1	2,0
Outras industrias extractivas	-32,9	-0,7	29,0	0,4	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-48,1	-0,8	-22,3	-0,3	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-42,2	-0,8	-15,6	-0,3	1,4
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-22,5	-3,6	-0,9	-0,1	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-24,2	-3,7	1,8	0,3	22,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2021

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	111,9	5,6	7,4
Galicia	110,8	0,9	9,3
Andalucía	103,3	11,0	4,5
Aragón	114,8	5,4	4,1
Asturias	113,6	17,5	15,9
Balears (Illes)	82,3	19,3	11,9
Canarias	94,6	4,6	2,6
Cantabria	114,4	-0,6	11,3
Castilla - La Mancha	113,1	12,2	5,6
Castilla y León	103,4	-0,9	6,2
Cataluña	114,0	5,9	8,9
Comunitat Valenciana	112,1	0,2	7,5
Extremadura	101,4	-4,3	9,2
Madrid	118,0	8,0	5,5
Murcia	127,4	10,0	1,7
Navarra	113,7	-1,2	10,1
País Vasco	114,4	8,7	9,7
Rioja (La)	89,4	-6,1	6,4

Fonte: INE